

**Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica_ PAME 3
_ AXUDA 3 _
Restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura**

Declaración responsable

D./D^a [] con DNI [] como representante legal da empresa [] en relación coa solicitude de subvención presentada ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións segundo as Bases reguladoras para a subvención da Axuda 3 de gastos relacionados coas melloras ás empresas para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do COVID-19, dentro do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid_ 19 (PAME 3) dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura (BOP núm. 4, de 07 de xaneiro de 2022)

DECLARO DE XEITO RESPONSABLE:

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei.
- Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social.
- Que a actividade está incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I.
- Que a actividade se desenvolve no concello de Ferrol.
- Que no caso de que a actividade non dispoña de local determinado, a dita actividade ten o domicilio fiscal no concello de Ferrol.
- Que sufriu unha baixa igual ou superior ao 20% da facturación realizada entre o 01 de marzo e o 31 de decembro de 2020 respecto ao mesmo período do ano 2019. No caso de non poder realizar a comparativa anterior terase en conta o período da actividade e xustificarse a través desta declaración responsable.

A estes efectos, a presentación desta declaración responsable implicará que o solicitante posúe documentación fidedigna suficiente para acreditar este extremo, que se compromete a conservala durante un prazo mínimo de 5 anos dende que remate o prazo de xustificación da axuda, e que poderá ser requirida en calquera momento por parte do Concello de Ferrol, debendo poñela á súa disposición nun prazo máximo de 10 días hábiles. A non presentación da documentación, ou a xustificación insuficiente dará orixe ao inicio de expediente de reintegro de acordo co disposto no artigo 37.1a) e c) da LXS, así como do correspondente procedemento sancionador no seu caso.

- Que a persoa/entidade solicitante:
 - Non solicitou outra axuda ata a data.
 - Si presentou outras solicitudes pero non foron concedidas ata a data.
 - Si obtivo axudas doutros organismo a data actual:

Organismo/entidade pública ou privada.	Data solicitude	Data concesión	Importe
[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]

- Que a persoa solicitante se compromete a manter a súa actividade económica durante un período mínimo de 3 meses a partir do día seguinte á publicación da resolución da concesión da solicitude de subvención.
- A veracidade dos datos recollidos nos formularios e a documentación presentada.
- Que a presentación da solicitude supón a aceptación das bases reguladoras e da súa convocatoria.

Ferrol, [] de [] de 2022

Asdo.: []

(A persoa interesada ou representante legal)